



CONCELLO DE FISTERRA

Rúa Santa Catalina, 1
15155 FISTERRA (A Coruña)
C.I.F.: P1503800C
Telf. 981 740 001
info@concellofisterra.com

EDICTO DE APROBACIÓN INICIAL DO EXPEDIENTE DE PRESCRIPCIÓN DE ASENTOS CONTABLES EN FASE "O" PENDENTES DE PAGAMENTO, POR IMPORTE DE 18.150,08 €

EXPEDIENTE: 2026/G003/000451

En data 27 de maio de 2026 dictouse Resolución nº445/2026 de aprobación inicial de expediente de prescripción das obrigas recoñecidas (FASE O) pendentes de pagamento provintes de exercicios pechados por importe de 18.150,08 €, na que tendo en conta que se corresponden con asentos contables realizados nos exercicios 2016, 2017 e 2019, derivando nalgúns casos de asentos duplicados, erros de contabilización e que non reflexan a realidade da Contabilidade Municipal.

Tendo en conta o establecido no artigo 25.1 da Lei 47/2003, do 26 de novembro, Xeral Orzamentaria que establece a prescripción aos catro anos do dereito ao recoñecemento ou liquidación de toda obriga que non se houberse solicitado ca presentación dos documentos xustificativas así como do dereito a esixir o pago das obrigas xa recoñecidas ou liquidadas, se non fose reclamado polos acreedores lexítimos.

Tendo en conta o establecido no artigo 25.3 da Lei 47/2003 que dispón "*Las obligaciones a cargo de la Hacienda Pública estatal que hayan prescrito, serán baja en las respectivas cuentas, previa tramitación del oportuno expediente.*"

Visto o Informe de Secretaría-Intervención de data 27/05/2026 obrante no expediente.

Comprobado pola antigüidade dos asentos contables referidos que tense superado o período de catro anos para a prescripción establecido no artigo 25.1 da Lei 47/2003, do 26 de novembro, Xeral Orzamentaria, en virtude dos artigos 21.1.f) e s) da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, se resolveu:

PRIMEIRO. Aprobar inicialmente o expediente de prescripción das obrigas recoñecidas (FASE O) pendentes de pagamento, provintes de exercicios pechados por importe de 18.150,08 €, por cumprimento do establecido no artigo 25.1 da Lei 47/2003, do 26 de novembro, Xeral Orzamentaria.

SEGUNDO. Publicar edicto da presente resolución no Boletín Oficial da Provincia así como na Sede Electrónica do Concello de Fisterra, aos efectos de abrir un período de dez días hábiles de exposición pública para que os interesados poidan examinar o expediente e presentar as alegacións que consideren pertinentes na defensa dos seus intereses.

TERCEIRO. Dar conta ao Pleno na primeira sesión ordinaria que celebre, en cumprimento do establecido no artigo 42 do Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais.

Fisterra, 27 de maio de 2026

O Alcalde, Luis Manuel Insua Lago